



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES DA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS:

1.-OBXECTO:

O obxecto deste prego é establece-las bases e regular a contratación dos servizos para realiza-los traballos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns.

2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN:

Os traballos obxecto deste contrato realizaranse nas áreas de uso público, zonas verdes, espazos abertos en xeral, rúas e beirarrúas, aseos, edificios, dependencias municipais, capelas, criptas e monumentos, así como o coidado exterior e interior do peche perimetral e portas de acceso dos cemiterios municipais referenciados, dos que se achegan planos como Anexo I deste prego.

Neste ámbito de aplicación, está, tamén, incluído o coidado de tódolos elementos non vexetais e de equipamento, mobiliario público, obra civil ou instalacións de calquera natureza dos devanditos recintos funerarios, como poden ser papeleiras, bancos, fontes públicas, escalóns, beiravías, valos, pilóns de auga, sumidoiros, arquetas, canaletas, baixantes, colectores, tomas de auga, rega automática, electricidade, etc.

3.-NIVEL DO SERVIZO:

A prestación dos servizos polo adxudicatario será tal que se manteña e mellore, mediante un coidado permanente, o valor natural e patrimonial dos cemiterios.

Asimesmo, no ámbito de aplicación sinalado, realizarase a conservación e reparacións puntuais precisas que garantan o normal uso, limpeza e funcionalidade dos cemiterios municipais e dos seus servizos en cada época do ano, prestando unha especial atención nas datas de mais afluencia de usuarios por tradición ou arraigo social.

Nos catro primeiros meses, contados a partir da data de formalización do contrato, o adxudicatario virá obrigado a realiza-los labores de restauración e reposición de plantas precisas para a total recuperación das zonas verdes existentes e demais espazos que non acaden un nivel óptimo de conservación.

4.-TRABALLOS A REALIZAR:

As empresas licitantes reflectirán nas súas propostas os traballos a realizar, co persoal e



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 1 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

medios materiais ofertados, así como as periodicidades ou frecuencias e técnicas que prevexan, conforme os labores e tarefas que de seguido se citan e cumprindo, en todo momento, co establecido neste prego.

Tamén disporán das dependencias, instalacións precisas en Vigo para mellor prestación dos servizos, almacéns, vehículos, garaxe e xestión en xeral do contrato.

Sempre que o adxudicatario pretenda facer, durante a vixencia do contrato, traballos de mellora e obras novas de calquera natureza, deberán contar coa autorización previa do concello.

4.1- Traballos de limpeza

Limpeza diaria de tódalas superficies abertas transitables do recinto; varrido de rúas, beirarrúas, escaleiras e paseos; baleirado e limpeza diaria de papeleiras, limpeza do mobiliario urbano, ademais de establecer o lavado periódico de tódolos elementos.

Limpeza diaria de tódolos aseos e servizos hixiénico-sanitarios; limpeza dos vestiarios, casetas e dependencias do persoal do servizo dos cemiterios, incluída tamén a súa desinfección e desinsectación alomenos anual.

Retirada diaria das follas caídas, cintas vellas e flores secas de nichos, sepulturas, criptas, panteóns, monumentos e osario xeral. Cando existan tres ou máis días festivos seguidos (incluído domingos), non deberán transcorrer máis de dous días consecutivos sen que se baleiren as papeleiras. Queda prohibido o almacenamento destes residuos ao longo do recinto, debendo depositarse ao remate da xornada, no lugar destinado ao efecto.

Limpeza diaria do interior das capelas, sacristía, altares e criptas destas, cunha atención alomenos mensual das paredes, teitos, lámpadas e vidreiras.

Retirada diaria de terras, entullos e demais residuos en xeral procedentes das exhumacións e inhumacións.

Limpeza mensual das arquetas e sumidoiros, e sempre que as condicións climatolóxicas o requiran.

Retirada e limpeza de carteis, pintadas, manchas, pegatinas ou graffitis, que poidan aparecer sen autorización sobre calquera soporte ou superficie do cemiterio dun xeito ocasional, debendo quedar eliminado nas corenta e oito horas seguintes a súa aparición.

Limpeza e chorreado anual, exterior e interior dos muros de peche dos recintos funerarios.

Recollida selectiva de tódolos produtos e residuos xerados, como resultado en xeral da



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 2 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

prestación dos traballos de limpeza, xardinería, conservación, traslado ao punto de vertido ou entrega nun centro de xestión autorizado, conforme a súa catalogación, e retirada e transporte dos restos procedentes das exhumacións a un centro xestor autorizado, de acordo cos medios e condicións que estableza a lexislación vixente. O custe da recollida, transporte e xestión destes residuos será por conta da entidade adxudicataria, a excepción, da xestión dos restos procedentes das exhumacións que será por conta do concello.

4.II- Traballos de xardinería

Os traballos de xardinería para selo mais favorables a vida das plantas axeitaranse sempre aos ciclos biolóxicos e as condicións climatolóxicas reais.

En todo caso, e como referencia xeral periódica anual, a organización dos traballos planificarase nun tempo de “baixa actividade” dende o 10 de novembro ao 09 de maio, e outro de “alta actividade” do 10 de maio ao 09 de novembro.

4.II.1.- LABORES DE CONSERVACIÓN.

O adxudicatario, contará co persoal idóneo en número e competencia profesional, ao seu cargo para tódolos efectos, así como cos equipos de maquinaria e ferramentas, de tipos, sistemas e características modernas e eficaces, para atender debidamente en tempo e forma a realización das seguintes labores: Regas; sega dos céspedes; recorte e podas con tesoiras; labores de escarda, entrecavado e recorte; angazado e limpeza; escarificados e aireación; poda do arborizado; fertilizados e sementados; conservación do trazado, perfilado das pradeiras e sebes; tratamento fitosanitario cumprindo co establecido na lexislación vixente e, por último, recebados con xabre ou area de canteira nas rúas, beirarrúas e paseos

Estas labores faranse conforme as condicións que se sinalan de seguido:

Regas. -Os elementos vexetais regaranse a diario ou esporadicamente, segundo a época e as veces que sexa necesario, dependendo das condicións climatolóxicas e das especies de plantas existentes, de xeito que tódolos elementos vexetais atopen no chan a auga útil, coa porcentaxe de humidade necesaria para o seu normal crecemento e desenvolvemento.

As regas realizaranse mediante o uso de mangueras ou aspersores, segundo a natureza das plantacións a regar, da textura do chan e dos sistemas dispoñibles ou se fora o caso, con cisternas. A auga aportarase a xeito de choiva, fora das horas de mais sol e evitando a formación de charcos.

A auga consumida nesta atención será de conta do concello, debendo o adxudicatario non utilizar máis auga que a estritamente necesaria para a rega, coidando de que non se produzan perda de auga por bocas de rega mal pechadas ou por calquera outro motivo,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 3 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

dando aviso ao servizo municipal correspondente das avarías ou incidencias non subsanables para a súa reparación.

Se polo mal uso, falla de atención e dilixencia nas súas obrigas ou incorrecta realización das regas se produciran vertidos de auga, erosións no terreo ou outros prexuízos, o adxudicatario recuperará a conta súa a situación primitiva de toda a zona danada e, tamén, pagará o importe estimado do volume da auga verquida.

Prevía autorización do Concello, o adxudicatario poderá realizar ao seu cargo instalacións ou melloras na rede de rega, que quedarán de propiedade municipal, sen dereito a indemnización ningunha. En todos os casos, para calquera reforma ou nova instalación presentárase a documentación técnica precisa, axeitada á normativa vixente.

Sega de céspedes.- Realizarase no sentido e cos medios axeitados para que a herba acade unha altura tal que non supoña un prexuízo, nin estético nin fisiolóxico, para o céspede, e coa retirada final de tódolos restos da sega evitando a súa acumulación.

Segundo a época do ano e a situación da zona verde, a sega farase de tal xeito que a altura máxima do céspede non supere os sete ou oito centímetros, coas frecuencias precisas para cada tipo de céspede.

Para este labor tomaranse as precaucións e as medidas de protección necesarias para evitalos danos que poidan facerse pola maquinaria utilizada, nas persoas, nos cristais ou nas lápidas dos nichos baixos e sepulturas, ou impactos noutros elementos próximos a zona da sega. De producirse calquera dano o adxudicatario será responsable do aviso inmediato e da debida reparación ao seu cargo.

Recorte de podas con tesoiras.-Realizarase do xeito e na época precisas para a mellor vexetación das plantas.

-Sebe de ligustrum e buxo, o gromo novo non sobrepasará en dez centímetros a altura consolidada da sabe, cara a primavera.

-Sebe de coníferas, recortárase dúas veces o ano, polos meses de marzo e outubro.

Para outro tipo de sebes ou perfís en xeral, a forma e frecuencia dos recortes farase de acordo co crecemento libre ou controlado que se determine.

Labores de escarda, entrecavado e recorte.- As partes das zonas verdes adicadas a plantas de flor, entrecavaranse frecuentemente para evita-las malas herbas e manter a boa estrutura do terreo.

Os arbustos e árbores plantados en zona terreña daráselles 4 entrecavados, repartidos entre a primavera e o outono e, en todo caso, sempre que o responsable municipal o considere necesario. Estes labores deberán ser dunha profundidade de 12 a 15



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 4 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

centímetros e nun radio arredor de uns 40 cms, sen que afecte en ningún caso o sistema radicular. Para as árbores de alineación en paseos este entrecavado comprenderá toda a superficie da gabia.

Para evitar que as herbas invadan as beiras dos camiños, gabias e límites en xeral dos parterres ou bordiños de obra, recortaranse periodicamente por medios manuais ou mecánicos os bordes das zonas de céspede.

Angazado e limpeza.-Tódolos terreos de calquera das zonas serán angazados acotío e en particular despois de cada labor de entrecavado.

O persoal dependente do adxudicatario dedicará unha atención constante e meticulosa á limpeza de tódalas superficies, tanto as de uso público como as non accesibles ao público, comprendidas dentro do perímetro dos recintos funerarios e zonas verdes.

A limpeza consistirá na eliminación dos residuos tanto de vexetación de crecemento espontáneo (malas herbas, malezas, etc), follas caídas, restos de labores de sega, recortes e podas, como o varrido, retirada e recollida selectiva de tódolos desperdicios e lixo de calquera natureza que cheguen as zonas que son obxecto deste contrato. Estes labores, xunto coas outras de aseo, decoro e limpeza prescritas, completaranse co traslado dos residuos aos puntos de entrega que dispoña o concello.

Escarificados e aireación.-Cada ano para facilita-la aireación do terreo pasarase polas pradeiras unha máquina de escarificado. No caso de que fora necesario o adxudicatario quedará obrigado a realiza-la escarificación do terreo tantas veces como se requira nas zonas que se estime preciso.

Poda do arborizado.- As podas realizaranse dende os meses de novembro a xaneiro, cos medios e ferramentas axeitados e coas medidas necesarias para evita-los posibles danos e infeccións. Nembargantes, poderán facerse podas noutras épocas do ano sempre que as circunstancias ou as especies así o requiran. En todo caso estarase ao que o concello dispoña cando sexa necesario.

O adxudicatario entregará ao concello un parte pormenorizado co resultado das inspeccións periódicas que estará obrigado a facer dun xeito sistemático, de todo o arborizado, a fin de prever os posibles danos (envorcadura, rotura de polas, etc.) e deberá aplicar coa debida urxencia as medidas oportunas de protección que procedan, nas situacións de risco detectadas.

As polas e árbores mortos ou de risco serán eliminados e saneados de xeito rutineiro cando proceda.

Fertilizados e sementados.-O fertilizado dos céspedes efectuarase dúas veces o ano, durante os meses de xaneiro e febreiro a base dun recebado con humus orgánico fermentado a razón de 0,5 m3/área e na primavera incorporarase fertilizante químico, a



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 5 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

razón de 60/125 grs/m². A fórmula e dose de fertilizado químico dependerá das condicións físico-químicas do terreo e do estado vexetativo do céspede. O fertilizado químico realizarase de 2 a 4 veces o ano (segundo necesidades) en época, dose e fórmula dadas polo técnico municipal competente nesta materia.

Para realiza-las plantacións anuais de flor, arbustos, árbores, fertilizarase o terreo con fertilizante orgánico. Para as árbores e arbustos consolidados utilizaranse fertilizantes de liberación lenta axeitados para cada época do ano, tipo de planta e de chan, coas periodicidades precisas para a súa boa saúde e aspecto estético.

Procederase a resementeira, na primavera e no outono, das calvas e zonas deterioradas do céspede coa preparación previa e nivelado do terreo a sementar.

Tódolos materiais, fertilizantes, substratos, áreas, etc, necesarios para estes labores serán a cargo do adxudicatario.

Conservación do trazado, perfilado das pradeiras e sebes.-O adxudicatario perfilará e manterá o actual trazado e acabado xeométrico das sebes e contorno das pradeiras nos diferentes espazos, e corraxará os desperfectos ou alteracións que se orixinen neles por causas naturais ou pola incorrecta realización das labores, incluso co replantado no perímetro que sexa necesario.

Tratamento fitosanitario.-O adxudicatario quedará obrigado a realizar cos seus propios medios, nas datas oportunas, os tratamentos preventivos necesarios para impedir a iniciación ou propagación de calquera enfermidade ou praga que poida aparecer nos cultivos ou terreos das zonas verdes, así como facer aqueles tratamentos curativos ou correctivos para combater na súa totalidade a enfermidade ou praga, unha vez desenvolvida.

A aplicación destes tratamentos será por conta do adxudicatario, utilizando medios, produtos e procedementos modernos, eficaces e non tóxicos nin molestos para as persoas. Deberá comunicar previamente e por escrito ao técnico municipal competente a fórmula, método e dosificación do produto a empregar en cada caso, e o persoal cualificado para a súa aplicación. As horas de tratamento deberán ser tales que non causen prexuízos ós usuarios. Cumprirase en todo momento coa lexislación fitosanitaria de aplicación.

Recebados con xabre ou area de canteira e compactado en camiños e paseos.-Por selos cemiterios recintos de afluencia pública, as veces de xeito masivo ou grupos de dó numerosos, o bo estado dos camiños, rúas, beirarrúas, escaleiras, ramplas e paseos require un especial coidado, para seguridade e comodidade dos visitantes e servizos fúnebres, evitando irregularidades, sucos ou zonas inestables, co aporte polo adxudicatario do material preciso para a súa conservación.

Levarase a cabo na forma e momento que as condicións físicas destes o requiran e



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 6 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO,
CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

sempre que, a xuízo do responsable municipal, se considere oportuno.

4.II.2.- LABORES DE REPOSICIÓNS VEXETAIS.

O adxudicatario fará co persoal e medios propios axeitados a renovación, resemteira ou substitución da herba e plantas permanentes ou de tempada, arbustos, árbores e zonas de céspede que perderan ou mermaran as súas características ornamentais ou ben que, polo seu mal estado botánico, fagan prever tal situación nun futuro próximo. Salvo circunstancias especiais debidamente xustificadas, tódolos elementos vexetais precisos para estes labores serán por conta do adxudicatario.

No que se refire a replantación das plantas de tempada, nunha superficie aproximada de 900 m², cunha ocupación efectiva con plantas de 500 m², farase tódalas primaveras (entre o 10 e o 31 de maio) e os outonos (entre o 10 e o 30 de outubro) coas mesmas características das anteriores e coa conformidade polo técnico municipal competente das especies a empregar.

Para toda-las reposicións que se fagan utilizar terróns, sementes, pratenses, plantas, arbustos ou árbores, precisamente idénticos en características botánicas, idade, tamaño, conformación, etc., ás que no momento da substitución reunía o conxunto do que han de formar parte, tendo un período de garantía de dous anos, salvo nas plantas de tempada. No caso de unidades de gran porte estarase ao criterio do técnico municipal competente na materia.

Durante os primeiros catro meses, contados a partir da data da firma do contrato, o adxudicatario realizará a súa costa unha actuación xeral de restauración e rexeneración de tódalas plantas e zonas verdes que non estean nun óptimo estado de conservación nos cemiterios municipais, recibendo e perfilado dos parterres, mediante un proxecto intensivo inicial que teña por obxecto a recuperación integral dos espazos que non se atopen nun estado óptimo de conservación, para a súa posterior conservación, a fin de acadar o mellor resultado na aplicación deste contrato. Esta actuación inicial deberá contar coa conformidade previa do técnico municipal competente na materia.

Unha vez ao ano substituirase a capa superior da terra (aprox. 20 cems.) das árbores de rúas, beirarrúas e paseos; este labor deberá facerse polo adxudicatario de inmediato ao inicio do contrato nos lugares e zonas que así o requiran.

Nos cemiterios de Lavadores e de Teis tódalos labores de conservación como de reposición de xardinería incluírán tamén os xardíns exteriores da fachada de acceso á entrada principal e a entrada civil destes.

4.II.3.- LABORES DE MANTEMENTO DE CAMIÑOS

Os camiños peónis nos cemiterios municipais, son na súa maioría, pistas de xabre compactado con diversas pendentes transversais, con cunetas laterais en terra ou



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 7 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

formigonadas, tamén existen en tódolos cemiterios redes de drenaxe de augas pluviais, procedentes das cunetas dos camiños e das cubertas dos bloques de nichos.

Revisión inicial.- Darase un prazo de seis meses ao comezo do contrato para acadar unha conservación óptima tanto da rede de drenaxe como dos pavimentos de xabre.

- Rede de drenaxe: formada por sumidoiros, arquetas, canaletas, baixantes e colectores.

Sumidoiros: limpanse e baleiraranse os seus areeiros e encintaranse os que estean rompídos.

Arquetas: limpanse e comprobarase a ausencia de fugas.

Canaletas: limpanse, comprobaranse e repararanse os asentos das reixas.

Baixantes: limpanse con auga a presión.

Colectores: limpanse con auga a presión e repararanse os tramos rompídos ou mal embocados.

- Pavimentos de xabre:
 - Retíranse tódolos depósitos de area producidos por arrastres de finos.
 - Aportase xabre necesario procedente de canteira, para a formación de rasantes compatibles coas cunetas e sumidoiros existentes.
 - Repáranse tódalas cunetas garantindo a súa continuidade.
 - Escarifícase o terreo co obxecto de mesturar o xabre existente co xabre de aportación.
 - Nivelase con motoniveladora ou manualmente, regárase a explanada e compactase con rolo de terra.

Mantemento de pavimentos.- Os pavimentos de xabre deberán manterse en perfecto estado, evitando a formación de cárcavas por arrastres de finos, reparándoas con aporte de novo xabre de canteira, que unha vez escarificado e mesturado co xabre existente rasanteárase, humedecera e compactase recuperando a rasante inicial.

Coa periodicidade dun mes, inspeccionarase a formación de arrastres de finos e cárcavas, reparándoas en canto as condicións meteorolóxicas o permitan.

Mantemento da rede de drenaxe.- Deberá manterse en perfecto estado todos e cada un dos elementos que conforman a rede de drenaxe, facilitando a evacuación de augas da choiva e das fontes e bebedeiros.

Coa periodicidade dun mes, inspeccionarase tódolos elementos da rede, baleirando os areeiros de arquetas, canaletas e sumidoiros, supervisando o correcto funcionamento de baixantes e colectores e reparando as posibles roturas. Este proceso deberase repetir cada vez que se fagan reparacións no pavimento de xabre.

4.III- Outros traballos

O adxudicatario queda obrigado a facer ao seu cargo a conservación e mantemento en



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 8 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

bo estado estético e de servizo, de tódolos elementos non vexetais e de equipamento dos recintos funerarios, pintándoos periodicamente se fora preciso e procedendo a súa reparación inmediata sempre que presenten deterioro, polo propio uso ou polo paso do tempo por estar expostos as inclemencias do tempo, así como evita-los danos ou perdas que poidan derivarse.

A tal efecto considéranse incluídos os elementos seguintes: Bancos, fontes, pilóns de auga, tomas de auga, rega automática, sumidoiros, tuberías, escaleiras, pasamáns, bordiños, cercas, muros, tapias, portas, varandas e papeleiras anexas e dependentes dos cemiterios, tanto na parte interior como no seu perímetro exterior, coa instalación e reposición sempre que sexa necesario. Tamén estarán incluída a actualización e conservación dos letreiros existentes e a colocación de croquis murais de información e situación, segundo modelo acorde co entorno que debe ser aprobado polo concello.

Nas instalacións de rega (canalizacións, zanxas, bocas de rega, aspersores, xuntas, billas, etc.), ou eléctricas si as houbera, o adxudicatario procederá á reparación inmediata e, no caso de que resulte inservible algún destes elementos e tivera que substituílo, daralle conta ao servizo municipal correspondente, previa entrega do elemento deteriorado.

Programa e mantemento hixiénico-sanitario para a prevención e control da lexiónelose que incluírá, como mínimo, a limpeza e, se procede, a desinfección das fontes ornamentais e sistemas de rego por aspersión unha vez ó ano en cumprimento da normativa de aplicación.

Tamén quedará obrigado o adxudicatario a realizar aqueles pequenos traballos de asentamento, reboques, encintado ou tomado de peldaños, bordiños, muros, etc. que supoñan a seguridade e axeitada conservación da obra civil dos cemiterios obxecto deste contrato.

Procederáse sempre que sexa necesario ao desatranco dos desaugues dos estanques e fontes evitando encharcamentos, así como a supresión de terras, mofos e algas que poidan acumularse degradando o servizo e aspecto das mesmas.

O adxudicatario deberá diariamente comprobar e repoñer sempre que sexa preciso papel hixiénico, xabón e demais produtos da hixiene persoal necesarios.

Tódalas reposicións, materiais e produtos incluídos nestes traballos serán a cargo do adxudicatario.

5.-PERSONAL:

A empresa adxudicataria deberá contar co persoal preciso para a boa execución deste contrato. Na súa organización deberase prever un encargado que organice, dispoña, controle e supervise diariamente a boa execución dos traballos contratados realizados



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 9 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

polo persoal da entidade adxudicataria, en coordinación co xefe de equipo dos oficiais sepultureiros de servizo no concello, con quen manterá a súa comunicación municipal mais directa, entregará os avisos pertinentes que poidan afecta-lo servizo.

O Anexo II deste prego incorpora información, facilitada pola actual entidade adxudicataria que presta o servizo, sobre as condicións dos contratos dos traballadores deste servizo ós efectos da subrogación que resulte de aplicación en cumprimento das condicións establecidas no convenio colectivo de aplicación, ó abeiro do establecido no artigo 120 do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Todo o persoal de oficios estará debidamente equipado, uniformado e identificado de xeito visible, nun correcto estado de seguridade e aseo para as tarefas que fagan.

Para a realización dos traballos obxecto deste prego o persoal organizarase por quendas de luns a sábado en horas de mañá e tarde axeitadas ós horarios de apertura e peche dos cemiterios fixados polo concello. Salvo circunstancias extraordinarias que o xustifiquen, os domingos e festivos non se prestarán servizos pola empresa contratista.

O adxudicatario deberá cumprir e facer cumprir a normativa vixente en materia de prevención de riscos no traballo, seguridade e saúde laboral.

O persoal terá dependencia laboral exclusiva da empresa adxudicataria, que será a responsable de cumprir puntualmente coas obrigas laborais e reunirá tódolos requisitos legais establecidos para este tipo de traballos. Tódolos gastos do persoal, incluídos os salarios e seguridade social, así mesmo como os gastos xerais e tributos de calquera natureza serán por conta do adxudicatario.

Nos primeiros dez días da vixencia do contrato e despois cada tres meses, a empresa adxudicataria notificará ó Servizo de Cemiterios do concello unha relación detallada dos nomes, categorías e demais datos de identificación do persoal deste contrato, coa misión correspondente. Así mesmo, quedará obrigada a comunicar de inmediato calquera variación que se produza nesta.

6.- MATERIAIS, FERRAMENTAS E VEHÍCULOS:

O adxudicatario disporá das ferramentas e materiais suficientes para a boa execución dos traballos segundo o seu programa de servizo nas distintas épocas do ano, de conformidade cos requisitos do presente prego, coas reservas correspondentes para suplir as normais incidencias que, segundo as tarefas a desenvolver, poidan presentarse.

Durante toda a vixencia do contrato será por conta do adxudicatario a adquisición de todo tipo de material ou ferramentas necesarios para a realización das tarefas de prestación do servizos, así como a súa reposición e os gastos de entretemento, conservación e mantemento para o seu funcionamento durante o período de vixencia do



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 10 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO,
CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

contrato, polo que pode ser penalizado no caso de non facelo.

En todo caso, o adxudicatario deberá contar cos medios materiais mobles, ferramentas e vehículos mínimos que se sinalan no Anexo III deste prego.

Tódolos enseres, materiais e ferramentas afectos aos servizos contratados deberán estar almacenados ou gardados polo adxudicatario, nun bo estado de orde, conservación e limpeza, non podendo estar depositados ou abandonados nos recintos dos cemiterios fora dos horarios de traballo ou utilización.

7.- DEPENDENCIAS, ALMACÉNS E VEHÍCULOS:

O adxudicatario disporá dos seus propios locais e instalacións para o persoal, garaxe e para almacéns, de xeito que cumpran as normas legais e condicións precisas para o uso e funcionalidade a que están destinados.

As dependencias deberán estar situadas e distribuídas de xeito que se organicen mellor os tempos de traballo e se reduzan desprazamentos. O adxudicatario terá alomenos dependencias propias para vestiario do persoal nas proximidades dos cemiterios de Lavadores, Pereiró e Teis.

Nos almacéns contará cos materiais, ferramentas, recambios, produtos, etc. que garantan, en cada época do ano, poder facer os traballos contratados e atender con normalidade calquera posible avaría ou incidencia que se presente.

En ningún momento se poderán utilizar dependencias ou instalacións dos cemiterios municipais para vestiario do persoal e almacenamento de de útiles ou maquinarias de traballo.

As empresas licitadoras deberán facer constar nas súas propostas os vehículos ofertados para este contrato, conforme as tarefas a desenvolver. Tódolos vehículos deberán estar identificados, durante a vixencia do contrato, e contarán cun sistema de comunicación e localización acorde co servizo que presten. Non poderá circular nin estar estacionado nos recintos dos cemiterios ningún vehículo da entidade adxudicataria nin durante, nin fora dos horarios habituais de traballo, salvo o tempo mínimo imprescindible para facer algunha tarefa que sexa específica deste.

Con carácter xeral tódolos impostos, taxas, permisos, seguros e consumos derivados deste apartado serán a cargo do adxudicatario.

8.-CONTROL E SEGUIMIENTO:

A entidade adxudicataria comunicará ó Servizo Municipal de Cemiterios, a maior brevidade posible, calquera incidencia que puidera xurdir na prestación do servizo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 11 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO,
CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

O formato e contido dos devanditos partes farase a proposta do adxudicatario coa conformidade previa do Servizo Municipal de Cemiterios.

O concello controlará e inspeccionará a realización das labores estipuladas no contrato; o número e cualificación do persoal de servizo; o estado e utilización dos equipos materiais, maquinaria e ferramentas; o consumo mínimo de auga nas regas; o correcto decoro no vestiario, aseo e relación do persoal cos usuarios dos cemiterios, así como, en xeral, se se cumpren tódalas obrigas do contrato, tanto as prescritas no prego de condicións como as comprometidas polo adxudicatario na sinatura deste.

O persoal do concello ao servizo dos cemiterios fará unha supervisión directa dos traballos para o control e seguimento puntual do contrato, transmitindo a través do encargado as indicacións que acotío procedan para o seu normal desenvolvemento. O Servizo Municipal de Cemiterios levará as comunicacións formais co adxudicatario en todo o relativo a verificación, control e supervisión do cumprimento do contrato, requiríndoo ou penalizando se fora o caso as faltas ou deficiencias detectadas.

9.-ANEXOS:

- Anexo – I. Planos
- Anexo – II. Persoal entidade adxudicataria actual.
- Anexo – III. Medios materiais mobles, ferramentas e vehículos mínimos.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O xefe de Medio Ambiente Sanidade e Consumo
Secundino Otero Faílde

Conforme,
A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable
María Jesús Lago Rey



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49 Páxina 12 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO,
CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

ANEXO - I

PLANOS



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo


Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 13 de 25


Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



	XERENCIA DE URBANISMO Concello de Vigo		CEMENTERIO DE PEREIRO		SITUACION: PEREIRO		DATA: 04 - 2017	ESCALAS: 1:1500	PLANO DE: PLANTA GENERAL	PLANO Nº: HOJA 1 DE 8
	DPTO. DE CARTOGRAFIA		TERMINO MUNICIPAL: VIGO							




	XERENCIA DE URBANISMO Concello de Vigo DPTO. DE CARTOGRAFIA	CEMENTERIO DE LAVADORES	SITUACION: LAVADORES TERMINO MUNICIPAL: VIGO	DATA: 04 - 2017	ESCALAS: 1:1000	PLANO DE:	PLANO Nº: HOJA 2 DE 8	
							PLANTA GENERAL	





Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 24/05/2017 11:49	Páxina 16 de 25
Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017	Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



XERENCIA DE URBANISMO
Concello de Vigo
DPTO. DE CARTOGRAFIA

CEMENTERIO DE BEMBRIVE

SITUACION:
BEMBRIVE
TERMINO MUNICIPAL: VIGO


DATA:
04 - 2017

ESCALAS:
1:500


PLANO DE:
PLANTA GENERAL

PLANO Nº:

HOJA 3 DE 8




 	XERENCIA DE URBANISMO Concello de Vigo DPTO. DE CARTOGRAFIA		CEMENTERIO DE BEADE		SITUACION: BEADE TERMINO MUNICIPAL: VIGO	DATA: 04 - 2017	ESCALAS: 1:500	PLANO DE: PLANTA GENERAL	PLANO Nº :
									HOJA 4 DE 8 DE




	XERENCIA DE URBANISMO Concello de Vigo DPTO. DE CARTOGRAFIA	CEMENTERIO DE CABRAL	SITUACION: CABRAL TERMINO MUNICIPAL: VIGO	DATA: 04 - 2017	ESCALAS: 1:500	PLANO DE:	PLANO Nº:
						PLANTA GENERAL	HOJA 5 DE 8






	XERENCIA DE URBANISMO Concello de Vigo		CEMENTERIO DE TEIS		SITUACION: TEIS TERMINO MUNICIPAL: VIGO	DATA: 04 - 2017	ESCALAS: 1:1000	PLANO DE: PLANTA GENERAL	PLANO Nº: HOJA 6 DE 8
	DPTO. DE CARTOGRAFIA								





	XERENCIA DE URBANISMO Concello de Vigo		CEMENTERIO DE CANDEAN		SITUACION: CANDEAN TERMINO MUNICIPAL: VIGO	DATA: 04 - 2017	ESCALAS: 1:500	PLANO DE:	PLANTA GENERAL		PLANO Nº:
	DPTO. DE CARTOGRAFIA										HOJA 7 DE 8





	XERENCIA DE URBANISMO Concello de Vigo DPTO. DE CARTOGRAFIA	CEMENTERIO DE ZAMANS	SITUACION: ZAMANS TERMINO MUNICIPAL: VIGO	DATA: 04 - 2017	ESCALAS: 1:500	PLANO DE:	PLANTA GENERAL	PLANO Nº:
								HOJA 8 DE 8





Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO,
CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

ANEXO – II

PERSOAL ENTIDADE ADXUDICATARIA ACTUAL



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 22 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 23 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>RELACIÓN DE PERSONAL ADSCRITO AL SERVICIO DE MANTENIMIENTO CEMENTERIOS MUNICIPALES DE VIGO

TRABAJADOR	Categoría	Antigüedad	Contrato	Retribuciones	Plus Toxicidad y Peligrosidad
COROJ	Oficial Jardinería	01/06/1992	100 - Indefinido Ordinario a Tiempo Completo	Según Convenio	276,30 €
DAALM	Oficial Jardinería	01/06/1992	100 - Indefinido Ordinario a Tiempo Completo	Según Convenio	276,30 €
GOVAR	Jardinero	12/11/1997	100 - Indefinido Ordinario a Tiempo Completo	Según Convenio	276,30 €
LOVAM	Oficial Jardinería	11/12/1995	100 - Indefinido Ordinario a Tiempo Completo	Según Convenio	276,30 €
MAALM	Jardinero	02/04/1998	100 - Indefinido Ordinario a Tiempo Completo	Según Convenio	276,30 €
PEGOA	Oficial Jardinería	01/06/1992	100 - Indefinido Ordinario a Tiempo Completo	Según Convenio	276,30 €
VEFIM	Oficial Jardinería	08/06/1992	100 - Indefinido Ordinario a Tiempo Completo	Según Convenio	276,30 €

En Vigo, a 12 de setembro de 2016

PonSAMYL S.L.

CIF: B47.037.577
La Dirección

C/ Pi y Margall, nº72 - 1º C 36202 Vigo España tel. (+34) 986 247 270 fax (+34) 986 247 272 email samygalicial@samyl.com web www.samyl.com



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO,
CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

ANEXO – III

MEDIOS MATERIAIS MOBLES, FERRAMENTAS E VEHÍCULOS MÍNIMOS



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 24 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 10850/255

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO
SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO,
CONSERVACIÓN E MATEMENTO INTEGRAL DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS: PPT

Os medios materiais mobles, ferramentas e vehículos mínimos durante a vixente do contrato serán os seguintes:

- Ferramenta persoal mínima:

- . Aixada
- . Legón
- . Raño
- . Pá
- . Laia
- . Pico
- . Angazo
- . Rastro
- . Tesoira de poda pequena
- . Tesoira Cortasebes
- . Paleta
- . Trola
- . Vasoira.
- . Recolledor

- Outros materiais:

- . 3 máquinas segadoras
- . 4 rozadoras
- . 4 sopradoras
- . 3 cortasebes
- . 1 motoserra
- . 4 carros de limpeza
- . 4 carretas de man
- . 3 mochilas de pulverización
- . 1 motoaixada
- . 1 vehículo furgón mixto (para transporte persoas, materias, maquinaria ...)



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/05/2017 11:49

Páxina 25 de 25

Aprobado en Xunta de Goberno do 18/05/2017

Código de verificación: 22ED4-4353D-5E5DA-CC53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>